

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA HOXE POLO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia, institución que representa aos cidadáns e cidadás do noso país, quer manifestar a súa solidariedade coa cidadá galega Ana María Ríos Bemposta, retida contra a súa vontade nos Estados Unidos de México ao que se lle imputar un delito do que é claramente inocente e vítima.

O Parlamento de Galicia quer manifestar asimesmo a súa preocupación pola posibilidade de que a situación de Ana María Ríos Bemposta non se resolva nun prazo razoábel, xa que o proceso xudicial aberto pódese demorar até un ano, de se manteren os cargos que na actualidade pesan sobre dela.

Como representantes do pobo galego solicitamos que por parte das autoridades gobernamentais competentes se realicen cantas xestións sexan precisas para mque a Procuraduría General de la República mexicana desista de presentar accións penais contra a nosa concidadá de modo que poda voltar canto antes e libre de cargos a Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 06.